

"ISTO NON É XUSTO!"

Obxectivo: introducir ó alumnado no inxusto intercambio desigual do comercio internacional mediante unha expresión utilizada moito na clase: ¡Isto non é xusto!

Descrición: a partir da foto (ou debuxo) do grupo-clase principiar un diálogo do que nos parece inxusto respecto ás relacións da nosa clase.

Orientacións: se dispoñemos dunha cámara dixital podemos facer unha foto do grupo-clase e facer copias coa impresora, para que cada un a pegue no seu caderno de traballo. Tamén a podemos debuxar ou ben aproveitar algunha foto xa feita e facer fotocopias. Cando xa teñamos pegada a nosa imaxe do grupo e teñamos lido a pancarta que levamos entre todos, comprobaremos que é unha expresión que utilizamos moitos. Iniciaremos unha conversa para fixarnos en qué ocasións a dicimos. Podemos escribir unha lista no taboleiro e sempre trataremos de buscar unha alternativa para que a situación presentada sexa xusta. Hai que pedir que xustifiquen tódalas "acusacións" de actuacións inxustas dos compañeiros e compañeiras e eviten falar por falar.

1 O QUE NON É XUSTO

¿CANDO DICIMOS QUE ALGO NON É XUSTO?

Obxectivo: recoñece-lo concepto persoal máis próximo que se teña de xusto/inxusto, segundo as propias vivencias.

Descrición: a partir de dúas preguntas que requiren respostas persoais, facer unha reflexión colectiva e tomar nota.

Orientacións: os nenos e as nenas de 6 e 7 anos abordan os grandes temas a partir das súas experiencias persoais e directas. Preguntarlles: "Cando dis isto non é xusto?" e escribi-la lista de tódalas súas inxustizas cotiás: dos pequenos incidentes familiares, das pelexas cos irmáns e cos compañeiros de clases, das perrenchas cos pais... Entre todos elaborar unha lista no taboleiro que reflecta as situacións cotiás que fan que se sintan vítimas dunha inxustiza persoal. Paralelamente, preguntar "¿Que podemos facer para cambialo? e elaborar outra lista cunha solución para cada unha das inxustizas. Cada alumno ou alumna pegará na súa ficha a súa foto ou debuxo e escribirá unha selección dos 3 ou 4 exemplos máis repetidos.

¿CANDO O DIN OS DEMAIS?

Obxectivo: recoñecer e avalía-la inxustiza que lles afecta ás persoas que nos rodean. Interesarnos por realidades diferentes á nosa.

Descrición: A partir de dúas grandes preguntas que obrigan a fixarse no contorno e saír dun mesmo, amplia-lo concepto de xusto/inxusto.

Orientacións: comentar que as dúas persoas do noso contorno tamén din ás veces "Isto non é xusto!", pensar en qué situacións ou en referencia a qué o di a nosa familia, amigos, personaxes da televisión, das películas... (buscar en xornais ou revistas). Convén comezar polas inxustizas das persoas adultas coas que conviven: "mamá traballa moito e di que cobra pouco", "papá non ten traballo e ten que quedar na casa"-, para pasar despois a realidades vistas na TV: "Vin nenos que venden cousas e non van ó colexio". Convén aproveitalo que ven para comentalo entre todos: os exemplos deben abarcar temas de sanidade, educación, vivenda e alimentación (porque máis adiante exporase que para vivir con dignidade non abonda con ter comida). Inicia-la conversa coa pregunta "¿Cando di mamá Isto non é xusto?", para chegar, unha vez encarrilada a conversa, ás noticias de guerras, accidentes e enfermidades que coñecen pola televisión ou a prensa. Unha vez feita a selección, elaborar unha lista paralela coas posibles solucións baixo o título "¿En que ten que cambiar?"

2 O XOGO DO COMERCIO

UNHAS PERSOAS COMPRAN O QUE OUTRAS PRODUCEN

Obxectivo: recoñece-la desigualdade e, polo tanto, a inxustiza do comercio de produtos, como primeiro paso para darse conta da inxustiza social que xera.


Descrición: presentar un xogo desequilibrado entre dous equipos, o cal suscitará que se diga moitas veces "Isto non é xusto". Tanto os elementos do xogo como os resultados permitirán sistematizar, en liñas xerais, catro conceptos mínimos sobre o comercio do café (válidos tamén para o algodón e o cacao).

Orientacións: dividi-la clase en dous equipos co mesmo número de alumnos para reproducir obxectos de cerámica (vasiños de papel decorados).

Modelo de cerámica



Patrón



Equipo 1: disporá de varias tesoiras, rotuladores, varios patróns, tubos de cola e moitas follas de papel.

Equipo 2: terá só unhas tesoiras, algún rotulador, un patrón, un tubo de cola e algunhas follas de papel.

Distribuí-lo material de xeito que desde o principio sexa moi evidente a diferenza coa que se xoga.

Tempo: 15 minutos (segundo o funcionamento do grupo pódese ampliar ou reducir en 5 min.)

O mestre comparará as pezas que teñan un mínimo de calidade e fixará un prezo por unidade: 2 euros por vaso. Trátase de simular a situación real do comercio do café entre dous tipos de produtores. O equipo 2 ten que protestar pola súa inferioridade inicial: as ferramentas e o material. O equipo 1 sinalará que hai o mesmo número de xogadores e ámbolos dous dispoñen do mesmo tempo. Dada a existencia de que os vasos de papel decorados deben ter unha calidade mínima, o equipo 2 avanzará moi lentamente, ó mesmo tempo que se irá indignando. Convén tomar nota de tódalas expresións que utilice o alumnado para demostralas que senten, para aproveitalas nas propostas posteriores.

Debemos evidencia-la superioridade do equipo 1 e dos seus resultados: poremos nun lugar visible os vasos que queremos comprarlle a cada equipo.

Cada alumno ou alumna debe debuxar na grella os vasos producidos por cada equipo e despois calcular mentalmente o diñeiro conseguido. Finalmente, inicia-la reflexión a partir das seguintes preguntas:

¿Por que un equipo gaña máis có outro?; co diñeiro que gaña cada equipo, ¿podedes compra-las mesmas cousas?; ¿iso é xusto?

¿como se tería que ter repartido o material?

IMAXINA QUE EN LUGAR DE VASOS PRODUCIMOS CAFÉ

Orientacións: explicar brevemente cómo é a planta do café, ónde se cultiva, qué condicións precisa... Convén ve-lo que se precisa para cultivar este produto (persoas, terras, sementes, ferramentas e máquinas...) e cómo é o proceso de produción. A partir de aí xa se poden trazar paralelismos entre nós, produtores de vasos, e os produtores de café. As terras estarán representadas polo papel; as máquinas e as ferramentas, polas tesoiras e os tubos de cola; os fertilizantes, polas grellas e os rotuladores. Despois de reenche-los dous cadros da ficha, observar que as posibilidades dos produtores de café non son as mesmas para as grandes empresas que para os pequenos produtores.

¿QUEN É QUEN?

Orientacións: Identificar tódolos elementos do xogo; falta determinar quen é cada equipo. Deste xeito obsérvase que o equipo 1 tiña moito de todo, e identifícaselle cunha gran empresa (pódense poñer exemplos de grandes empresas que coñezan) e que o equipo 2 tiña pouco de todo, e identifícaselle cun pequeno produtor, que será o protagonista que presentaremos a continuación.

3 XOÁN, UN PEQUENO PRODUCTOR

Obxectivo: darse conta de que a alimentación só é o primeiro dereito básico ó que debería acceder todo o mundo. O acceso á educación, á vivenda e á sanidade custan diñeiro e son prohibitivos para moitas persoas.

Descrición: a partir da pequena historia de Xoán podemos coñece-los problemas do seu colectivo. Analiza-lo significado de "cousas básicas" e aplícalo á nosa vida e á do noso amigo...

Orientacións: a partir da lectura, establecer paralelismos co xogo que se fixo. Dinos que temos poucas máquinas e poucas terras; debemos tratar de que os nenos fagan previsións: o que lle pasou ó equipo 2, a súa inxustiza e indignación, o escaso diñeiro que conseguiu co seu traballo... é o que lle pasa e lle pasará a este pequeno produtor. Segundo o nivel da clase podemos aplica-las reflexións feitas na actividade 2 para ver qué podería cambiar a situación do noso amigo...

Investigar a qué se refire o noso amigo cando fala de "cousas básicas". Elaborar unha lista que responda á pregunta: ademais de comida, ¿que outra cousa compramos con diñeiro? Unha vez feita, seleccionar só as imprescindibles (ou básicas), sen as cales a nosa vida non sería digna: alimentación, sanidade, educación e vivenda.

Pódese establecer un pequeno diálogo para que expliquen que lles parece básico e xustifiquen a súa opinión.

Sinalar que este pequeno produtor e nós temos en común que podemos comprar comida; que nós podemos dispoñer doutras moitas cousas, e sen embargo quizais outros produtores non poden. Das cousas ás que accedemos con diñeiro moitas son superfluas: segundo o grao de consumismo dos nenos incidiremos máis ou menos no tema, para separa-lo consumismo da necesidade.

4 O NOSO AMIGO XOÁN TAMÉN DI MOITAS VECES: ¡ISTO NON É XUSTO!

Obxectivo: recapitula-los conceptos que xurdiron ó longo de tódalas reflexións.

Descrición: a partir da coincidencia entre a nosa foto na que dicimos "non é xusto" e a foto do noso amigo mexicano dicindo o mesmo, sinala-las diferencias entre unha e outra, para razoar sobre as posibles alternativas e cambia-la súa situación.

Orientacións: se observámo-la lista que elaboramos de cousas básicas e agora que sabemos que o noso amigo non pode acceder a elas, será fácil deducir que os seus fillos non poden ir á escola, nin teñen médico cando están enfermos; tampouco pode comprar máquinas que lle faciliten o traballo, nin mellora-las condicións da casa na que vive.

Facer un resumo de tódolos aspectos traballados ata agora e propoñer que cada un explique qué aprendeu, é dicir, qué cousas non sabía antes de abordar este tema. Encarrila-la conversa para que se fale do que extraeu cada un que antes non soubese e de que o noso amigo necesita máis diñeiro polo traballo que realiza para poder acceder a unha vida máis digna. Podemos falar de xeito sinxelo das cooperativas de pequenos produtores de café e das tendas de comercio xusto nas que venden produtos comprados nestas cooperativas. Con ámbalas dúas cousas conséguese que o pequeno produtor de café obteña prezos dignos polo seu traballo. Finalmente, formular cómo podemos axudar nós, ou os nosos pais, despois de explicarlles todo o que aprendemos sobre o comercio. Pódese animar a participar na campaña "Comercio con xustiza". Visitando a web: www.comercioconjusticia.org é posible unirse a miles de persoas que loitan para que o comercio internacional contribúa a erradica-la pobreza.

1º Ciclo de Primaria

ISTO NON
É XUSTO!



PEGA UNHA FOTO DA CLASE

Autora: Elvira Safont e Gabi Torregrosa

¿CANDO DICIMOS
QUE ALGO NON
É XUSTO?




RECORTA E PEGA
UNHA FOTO TÚA

NON É XUSTO...

¿QUE PODEMOS FACER
PARA CAMBIALO?

¿CANDO DIN
OS DEMAIS?



RECORTA E PEGA
UNHA FOTO

¡TAMPOUCO É
XUSTO...!

¿QUE TEN QUE
CAMBIAR?

2

O XOGO DO COMERCIO


UNHAS PERSOAS COMPRAN O QUE
OUTRAS PRODUCEN



CO TEU EQUIPO FAI
TÓDOLOS VASOS DE PAPEL
QUE POIDAS. DECÓRAOS CON
ROTULADOR


DEBUXA OS VASOS E LOGO CALCULA

EQUIPO 1



TOTAL €

EQUIPO 2







TOTAL €

1  = 2 €




IMAXINA QUE EN LUGAR DE VASOS PRODUCIMOS CAFÉ

COMPLETA COAS SEGUINTES PALABRAS: FERTILIZANTES, TERRA, MÁQUINAS E FERRAMENTA

NÓS	SOMOS	PRODUCTORES DE CAFÉ
AS FOLLAS DE PAPEL 	SON	
AS TESOIRAS E OS TUBOS DE COLA 	SON	
OS ROTULADORES 	SON	
OS VASOS 	SON	CAFÉ

¿QUEN É QUEN?

NOS RECADROS EN BRANCO ESCRIBE "MOITO" OU "POUCO"

	EQUIPO 1	EQUIPO 2
TERRAS 		
FERTILIZANTES 		
MÁQUINAS E FERRAMENTAS 		
	GRANDE EMPRESA	PEQUENO PRODUCTOR



OLA, CHÁMOME XOÁN E VIVO EN CHIAPAS, MÉXICO. A MIÑA FAMILIA E MAIS EU PLANTAMOS CAFÉ. TEMOS POUCAS MÁQUINAS E POUCAS TERRAS, PERO TRABALLAMOS MOITAS HORAS PARA RECOLLE-LA COLLEITA. CO QUE NOS PAGAN PODEMOS COMPRAR COMIDA, PERO CASE NADA MÁIS.

COUSAS QUE PODEMOS
COMPRAR CON DIÑEIRO:

COMIDA

ESCOLLÁMO-LAS BÁSICAS E
IMPRESINDIBLES:


4

O NOSO AMIGO XOÁN TAMÉN DI MOITAS VECES:

ISTO NON É XUSTO!

¿POR QUE O DI?

¿EN QUE HA DE CAMBIA-LA SITUACIÓN E QUE PODEMOS FACER NÓS?



PARTICIPA NA CAMPAÑA

COMERCIO CON XUSTIZA

www.comercioconjusticia.com

Podedes:

- ≡ Organizar unha merenda solidaria con produtos de comercio xusto.
- ≡ Conectar coa web www.comercioconjusticia.com

¡¡¡AGARDÁMOSVOS!!!